



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Xornada Operacións de fin de exercicio nas entidades locais. Elaboración de contas anuais

**CONVOCATORIA:** Xornada Operacións de fin de exercicio nas entidades locais. Elaboración das contas anuais.

**GRUPO:** Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

**ÁREA:** Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	ASISTENCIA	<b>PLAN:</b>	FONDOS EGAP	<b>HORAS:</b>	6
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	LOCAL	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2021
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	DIVULGACIÓN	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 23/11/2021 - 08:00h ao 30/11/2021 - 14:00h

**RESPONSABLE:** OLIE TE TRILLO, PAULA [paula.oliete.trillo@xunta.gal]

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

AMPLIADO O PRAZO DE INSCRICIÓN ATA O DÍA 30 DE NOVEMBRO, ás 14:00 horas (ou ata completar prazos)!!

A presente xornada ten por obxecto analizar, desde unha perspectiva práctica, as operacións de contabilidade pública que realizan as entidades locais na fin do exercicio orzamentario, tanto desde un punto de vista económico como orzamentario e patrimonial.

### DESTINATARIOS

Persoal empregado público da Administración local con habilitación de carácter nacional que pertenza á subescala de intervención-tesouraría e secretaría-intervención. Persoal técnico das entidades locais que realice funcións relacionadas co contido da xornada.

### PROGRAMA

- Operacións previas á regularización e ao peche.
- Reclasificación das operacións.
- Reclasificacións non formalizadas.
- Axustes de periodificación.
- Correccións valorativas.
- Axustes de activos e pasivos financeiros.
- Valoración de existencias.
- Operacións de exercicio derivadas dos procedementos especiais.
- Operacións de fin de exercicio.
- Regularización do orzamento de ingresos.
- Regularización da contabilidade da xestión de recursos por conta doutros entes públicos.
- Cálculo dos resultados económico-patrimoniais.
- Regularización dos gastos e ingresos imputados ao patrimonio.
- Operacións de peche.
- Peche do orzamento de gastos.
- Peche do orzamento de ingresos.
- Peche da contabilidade económico-patrimonial.
- Cambios de criterios contables, erros e estimacións contables.
- Feitos posteriores ao peche.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas dispoñible.

### DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Antes de formalizar a súa inscrición nestas actividades, todas as persoas deberán introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo coas persoas destinatarias e cos criterios de selección establecidos nas bases terceira e oitava respectivamente.

As persoas interesadas deberán seleccionar primeiro a área en que está integrada esta actividade (réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas) e despois seleccionar no nome do curso a xornada Operacións de fin de exercicio nas entidades locais. Elaboración das contas anuais.

## 3. DATOS EDICIÓNS

### SANTIAGO

**LOCALIDADE:** Santiago

**INICIO / FIN:** 01/12/2021 a 01/12/2021

**NUM. PRAZAS:** 80

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:**

### DOCENTES NOMEADOS

Francisco López Corrales

### LUGAR DE REALIZACIÓN

**AULA 2:** O día 01 de decembro de 10:00 a 14:00. O día 01 de decembro de 16:00 a 18:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA